

Resolución definitiva de 6 de maio de 2019 pola que se seleccionan as empresas beneficiarias a participar na terceira edición do programa Agrobiotech Innovación.

Mediante Convocatoria do Parque Tecnolóxico de Galicia publicada o 25 de febreiro de 2019 na súa páxina web e na web agrobiotech.gal establecéronse as bases reguladoras para a selección de Pemes na terceira edición do programa Agrobiotech Innovación.

Unha vez concluído o prazo de presentación de solicitudes, e o prazo de emenda de defectos detectados nas mesmas, e avaliadas as solicitudes presentadas polo Comité Técnico de acordo cos requisitos de admisión de candidaturas así como cos criterios de valoración dos beneficiarios establecidos nas bases da convocatoria, elevouse por parte do Comité Técnico o seu informe técnico de 17 de abril no que se recolle a puntuación acadada polas 25 empresas que cumpriron cos requisitos e presentaron a documentación en prazo para participar na terceira edición do programa Agrobiotech Innovación.

A proposta de resolución coa lista das 12 empresas que acadaron a maior puntuación foi asinada o 26 de abril de 2019 e foi notificada a todas as empresas interesadas. Unha das empresas rexeitou a participación de maneira que a primeira empresa da reserva con maior puntuación pasou a ser beneficiaria. As 12 empresas finalmente beneficiarias presentaron en tempo e forma o documento Anexo II solicitado.

En virtude do anterior, e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro.- Seleccionar ás empresas que se relacionan a continuación para a súa participación na terceira edición do programa Agrobiotech Innovación convocado por Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

Posición	Empresa	NIF
1	HIFAS DA TERRA S.L.	B36409290
2	HORTICULTURA HIDROPÓNICA SL	B27799675
3	Laboratorio CIFGA S.A.	A27351402
4	Dairylac SL	B15775570
5	Orballo innovaciones forestales SL	B70349543
6	Applied Mass Spectrometry Laboratory S.L.U.	B27380914
7	IBÉRICA DE ESPONJAS VEGETALES S.L.U	B94080074
8	TASTE LAB S.L	B70453402
9	Software 4 Science Developments S.L.	B70393582
10	NASASBIOTECH S.L.	B70433750
11	Celtalga Extract S.L.	B70442165
12	MOSQUERA VILLAVIDAL S.L.	B32117764



Segundo.- Publicar esta resolución na web agrobiotech.gal

San Cibrao das Viñas, 6 de maio de 2019

tecnópole

Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

D^a. Patricia Argerey Vilar
Vicepresidenta e Conselleira-Delegada
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A